



**ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN
DE PRACTICAS LABORAIS NON REMUNERADAS EN EMPRESAS
OU ENTIDADES DE GALICIA
BECAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL
DA FUNDACIÓN CAIXANOVA**

En de do ano 2010

REUNIDOS

Por unha banda D/D.^a en calidade de Patrono da Fundación Caixanova, domiciliada en Vigo, rúa Policarpo Sanz, 26 con CIF G- 36.930.972, no seu nome e representación.

Por outra D/D.^a con DNI número en nome da empresa.....co CIF número..... e domicilio na rúa.....

DECLARAN

PRIMEIRO: No marco das “Becas de Iniciación Profesional” da Fundación Caixanova, vaise a conceder bolsas de iniciación profesional para persoas que desenvolvan un proxecto de carácter medioambiental e/o innovador en empresas ou entidades ubicadas en Galicia.

SEGUNDO: E interese de ambas partes reforzar a formación e experiencia profesional dos/as beneficiarios/as en todos aqueles campos e ámbitos que melloren a súa empregabilidade. Recoñécense reciprocamente capacidade e lexitimación para a negociación e sinatura do presente documento.

TERCEIRO: Que segundo establece o Documento Bases Reguladoras para a concesión de prácticas profesionais non remuneradas, os/as beneficiarios/as executarán ditas prácticas nas propias empresas ou entidades coas que se realicen os oportunos convenios de colaboración, de xeito que se mellore o seu grado de empregabilidade debido ao seu contacto con ambientes reais de traballo. As prácticas non lle suporán ningún gasto adicional á bolsairo/a.

Por todo isto, en execución dos obxectivos previstos na acción “Becas de Iniciación Profesional”, asíñase o presente acordo de colaboración de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA.- As prácticas profesionais non remuneradas desenvolveranse na empresa o entidade..... localizada na rúa..... de....., e con sede de domicilio social en.....

A persoa que realizará as prácticas será D./D.^a con DNI.....

SEGUNDA.- Para o desenvolvemento do proxecto, así como para a realización das funcións e dos labores encomendados e a correspondente percepción das axudas que ao abeiro do presente convenio se establecen, fíxase un período de duración das prácticas formativas e de iniciación profesional de 6 meses, prorrogables a un máximo de hasta 12 meses en atención ás necesidades do proxecto.

A data de inicio será a da aceptación por parte do beneficiario/a das condicións particulares que regulan a aplicación do presente convenio.

O tempo de realización das prácticas na empresa ou entidade por parte do/a bolseiro/a non poderá superar o tempo que se estipule no acordo asinado coa empresa ou entidade.

TERCEIRA.- Para a realización de ditas prácticas a Fundación Caixanova subscribirá para cada bolseiro/a unha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil que cubrirá os riscos que puideran producirse no horario de laboral, sempre e cando estivesen desempeñando funcións relacionadas coas devanditas prácticas.

CUARTA.- O contido das prácticas profesionais realizadas nesta empresa ou entidade será o establecido na memoria que presente a empresa ou entidade que resulte beneficiaria desta acción e, que sexa aprobada pola Fundación Caixanova.

QUINTA.- O contido e desenvolvemento das prácticas poderán ser en calquera momento obxecto de valoración e supervisión por parte da Fundación Caixanova, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

SEXTA.- Na realización das prácticas non laborais, terase en conta a normativa de seguridade e hixiene no traballo aplicable.

SÉTIMA.- As empresas e/ou as entidades obríganse, coa firma deste documento, á aceptación da realización de prácticas profesionais non remuneradas. A Fundación Caixanova mensualmente, e trala xustificación por parte da persoa titora ou responsable das prácticas, pagaralle á persoa beneficiaria unha compensación económica equivalente a 600 € mensuais en concepto de bolsa por asistencia ás prácticas e axuda ós gastos de desprazamento e manutención

OITAVA.- Son obrigas da empresa:

- Facilitar ó beneficiario/a a realización das actividades recollidas na memoria que se presentou e que foi aprobada pola Fundación Caixanova.
- Acoller ó bolseiro/a na empresa ou entidade achegándolle a información precisa para a súa estadia nela.
- Facilitarlle a bolseiro/a a integración no clima organizativo da entidade.
- Realizar o seguimento da actividade realizada polo bolseiro/a e proporcionarlle axuda e asesoramento nos momentos nos que o precise.
- Nomeamento dunha persoa titora.
- Aínda coa procura da eficiencia na utilización de todos os medios e recursos ao seu alcance, a empresa, coa estancia do bolseiro/a, non debe obviar a contratación laboral das persoas que tivese planificado incorporar.
- Comunicar de xeito inmediato á Fundación Caixanova calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período formativo.
- Cumprimentar e devolver ao finalizar o período de prácticas formativas non remuneradas o cuestionario



de avaliación que a Fundación Caixanova lle remita.

- Recoller o consentimento das persoas afectadas para a recollida, tratamento e cesión dos seus datos persoais, así como facilitar ás persoas afectadas a preceptiva información, todo iso nos termos previstos nos artigos 5 e 6 da LO 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e demais normativa aplicable, en todos os supostos nos que, no marco da presente convocatoria, as empresas beneficiarias deban recoller, tratar e comunicar a Fundación Caixanova datos persoais de terceiras persoas. desenvolvemento do período formativo.

NOVENA. - Non se poderá formalizar contrato de traballo entre o bolseiro/a e a empresa ou entidade durante o período de prácticas. Non existirá relación laboral entre a empresa ou entidade asinante deste acordo e o bolseiro/a acollida ao programa de prácticas non laborais polo que non se poderá esixir á empresa responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acontecidos durante o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, debendo de quedar cubertos pola póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil, subscrita pola Fundación Caixanova.

A realización das prácticas profesionais nos centros de traballo dependentes da citada empresa ou entidade en ningún caso suporá a substitución do persoal con relación laboral. coa empresa e ou organización privada asinante deste acordo.

DÉCIMA.-

- Desenvolver unha actitude favorable na súa integración na empresa, participando de xeito responsable no cumprimento das normas de funcionamento das mesmas, así como en aspectos de responsabilidade profesional (horarios, asistencia, puntualidade, realización de tarefas encargadas,...)
- Manter o interese necesario para un bo aproveitamento da formación.
- Integrarse na dinámica das áreas ou seccións que se lle asigne na empresa para o desenvolvemento das súas tarefas, acatando as orientacións que reciba do persoal titor no exercicio da súa acción formativa.
- Informar da súa actividade dentro da empresa ao/á titor/a asignado.
- Gardar a confidencialidade e a dilixencia necesarias respecto a información que deban coñecer para o cumprimento dos obxectivos formativos asignados.
- Comunicar de xeito inmediato á Fundación Caixanova calquera incidencia que afecte ó normal desenvolvemento do período formativo.
- Cumprimentar e devolver o finalizar o período de prácticas formativas non remuneradas o cuestionario de avaliación que a Fundación Caixanova lle remita

DÉCIMA PRIMEIRA.-

En caso de faltas de puntualidade, asistencia ou incorrecto comportamento da beneficiaria, a empresa ou entidade poderá desistir de continuar na súa colaboración formativa con esa persoa, podendo facelo cunha comunicación á Fundación Caixanova.

Neste suposto poderase substituír o bolseiro/a por outra persoa participante na acción Becas de Iniciación Profesional da Fundación Caixanova, polo tempo de prácticas laborais non remuneradas que lle restase á persoa substituída.

DÉCIMO SEGUNDA.-

Este acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e manterase vixente polo período de realización das

prácticas contempladas.

DÉCIMO TERCEIRA.- O incumprimento dalgún dos contidos deste acordo será causa da cancelación deste acordo.

DÉCIMO CUARTA.- Co fin de realizar un seguimento do presente acordo e para velar pola súa correcta aplicación e desenvolvemento, poderá constituírse unha comisión paritaria mixta, con carácter asesor e consultivo, integrada por unha persoa representante da Fundación Caixanova, e outra da empresa ou entidade asinante. De ser o caso, esta comisión será convocada pola Fundación Caixanova.

DÉCIMO QUINTA.- Ao presente acordo achegaranse os seguintes documentos anexos no momento de inicio das prácticas:

- I. Compromiso aceptación do/a bolseiro/a
- II. Compromiso aceptación da empresa/entidade

DÉCIMO SEXTA.- De xeito específico para o desenvolvemento do presente acordo de colaboración e, para a implementación da práctica laboral, cóntase coa colaboración da Entidade.....

E en proba de conformidade de canto antecede, asínase o presente protocolo de colaboración en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo.

POLA FUNDACIÓN CAIXANOVA

Asdo.: D./Dª.....

POLA EMPRESA-ORGANIZACIÓN

Asdo.: D./Dª.....

BECAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL